

01

Henrique Monteagudo (ed.),
*A estandarización das linguas
da Península Ibérica: procesos,
problemas e novos horizontes*,
Santiago de Compostela,
Consello da Cultura Galega,
2024, 322 páxinas.

Víctor Bargiela

Universidade Nacional de Educación a Distancia

Orcid 0000-0001-6542-5104. vbargiela@flog.uned.es. Universidade Nacional de Educación a Distancia. España.

O volume *A estandarización das linguas da Península Ibérica: procesos, problemas e novos horizontes*, editado por Henrique Monteagudo (Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela) e publicado polo Consello da Cultura Galega en 2024, constitúe unha contribución de referencia ao estudo da planificación e codificación das linguas ibéricas no contexto contemporáneo. Os diferentes traballos recollidos nesta obra teñen a súa orixe nos relatorios presentados no simposio “Estándar, norma e variación: procesos, problemas e perspectivas”, celebrado no mes de febreiro de 2021 e organizado polo Instituto da Lingua Galega en Santiago de Compostela. Aquel encontro serviu como punto de partida do proxecto *Estandarev* (*Estándar, norma e variación*), que nace co obxectivo de estudar os fundamentos ideolóxicos, históricos e sociais dos procesos de estandarización das linguas orixinadas na Península Ibérica.

A obra ofrece unha análise comparativa e crítica dos procesos de estandarización do español, o catalán, o galego, o portugués e o éuscaro, e faino combinando achegas conceptuais, estudos de caso e reflexións glotopolíticas centradas no papel dos falantes, as institucións e as ideoloxías lingüísticas. O volume constitúe, así, unha intervención académica de interese tanto para a sociolingüística como para os estudos de política lingüística, cunha atención especial aos dilemas e contradicións que enfrontan os procesos de estandarización na modernidade tardía: un tempo marcado pola pluralidade identitaria, a democratización do discurso normativo e a tensión entre a diversidade lingüística e a necesidade de referentes comúns de prestixio e unidade.

O limiar, redactado por Henrique Monteagudo, establece as bases teóricas do volume, cun percurso que parte do modelo clásico de Einar Haugen e das reformulacións máis recentes de Peter Auer para chegar ás análises glotopolíticas actuais, centradas na construción ideolóxica da noción de estándar. A través dunha visión que se remonta á *koiné* grega, o texto aborda as diferentes tipoloxías de estandarización na Europa. Detense na oposición entre linguas “anónimas” e “auténticas”, uns conceptos que lle permiten expor como os procesos de estandarización están inextricabelmente ligados á desminorización, e como na etapa contemporánea, caracterizada por lealdades múltiples e discursos normativos fragmentados, cómpre repensar a relación entre lingua, identidade e autoridade normativa.

O primeiro capítulo do volume, de Carla Amorós-Negre (Universidad de Salamanca), propón unha revisión crítica dos procesos de estandarización lingüística a partir dos paradigmas actuais da sociolingüística e da lingüística aplicada. A autora denuncia as inercias lesivas do prescriptivismo institucional e popular e reclama que a estandaroloxía se dote de novas ferramentas para describir a complexidade ideolóxica e social da norma. Subliña, ademais, a pertinencia de integrar na análise os procesos de desestandarización como parte dun escenario glotopolítico en que as identidades múltiples, a diversidade e o cuestionamento da autoridade modifiquen radicalmente os marcos clásicos da planificación lingüística.

O segundo capítulo, asinado por Carla Amorós-Negre (Universidad de Salamanca) e Henrique Monteagudo, presenta o proxecto *Estandarev*, que se centra no estudo comparado das ideoloxías lingüísticas que sustentan os procesos de estandarización do castelán, catalán, éuscaro e galego na España contemporánea. A principal achega reside en adoptar unha perspectiva centrada nos falantes que analice as súas percepcións, discursos e prácticas prescritivas informais. A proposta aposta por integrar dimensións como a empatía, o dinamismo e a avaliación social das voces, e avanza unha metodoloxía que permitirá observar como se reconfiguran hoxe os procesos de estandarización nun contexto marcado pola mediatización, a vernacularización e a pluralidade de valores lingüísticos.

No terceiro capítulo, Miquel Àngel Pradilla (Universitat Rovira i Virgili) revisita a achega de Lluís Polanco sobre o réxime normativo do catalán, nun percurso que lle permite reflexionar sobre os cambios conceptuais e institucionais que experimentou a estandarización da lingua catalá nas últimas décadas. Dende unha perspectiva valenciana centrada na integración das diferentes variedades xeográficas na norma codificada do catalán,

o autor reivindica a normalización lingüística como unha reorganización funcional en resposta a condicións sociais cambiantes. Analiza os diferentes modelos de codificación e recupera a noción de modelo composicional, cun debate sobre o seu posíbel polimorfismo. Pradilla conclúe que o dinamismo propio do proceso de estandarización do catalán obriga a revisar os parámetros con que foi avaliado o establecemento da formalidade comunicativa.

O cuarto capítulo, asinado por Miren Azkarate (Euskal Herriko Unibertsitatea – Euskaltzaindia), traza a historia da estandarización do éuscaro, dende os primeiros intentos de unificación ortográfica a comezos do século XX ata o desenvolvemento do estándar actual, de tipo composicional e baseado nos dialectos centrais. A autora sinala a boa saúde do estándar escrito, mais tamén a persistencia de usos dialectais en contextos rexionais e literarios. Defende a necesidade de adaptar a variación aceptada pola Euskaltzaindia ás variedades locais, co obxectivo de garantir autenticidade e funcionalidade social.

O quinto capítulo, de Joan Costa-Carreras (Universitat Pompeu Fabra), analiza a definición de “estándar” dende a perspectiva comparada entre a lexicografía e terminografía do catalán e o castelán. Costa-Carreras emprega o concepto de “bicentrismo” para describir a situación normativa do catalán, caracterizada por dous centros codificadores principais: Barcelona e València. A análise evidencia unha pluralidade de marcos teóricos e metodolóxicos subxacentes nas definicións catalás, en contraste coa escaseza de definicións explícitas no ámbito castelán.

O sexto e sétimo capítulos, asinados por Fernando Venâncio e Marcos Bagno (Universidade de Brasília), respectivamente, ofrecen un percurso histórico e sociolingüístico pola estandarización do portugués en Portugal e Brasil. Venâncio sinala a falta dunha política lingüística estatal clara en Portugal durante o século XX, o que favoreceu a coexistencia e a progresiva diverxencia entre as normas europeas e brasileiras do portugués. Destaca tamén a ausencia dunha institución reguladora estábel e o impacto desta liberdade na evolución da lingua. Por outra banda, Bagno examina as desigualdades sociais que limitan o acceso ás variedades lingüísticas prestixiosas no Brasil, enfocándose na tensión entre a norma-padrón e as variedades urbanas de prestixio. Subliña como os falantes constrúen unha representación híbrida da norma, influenciada por ideoloxías que asocian o dominio da norma culta coa mobilidade social.

O oitavo capítulo, de Eduardo Maragoto Sanches (Associação Galega da Língua – EOI de Santiago), presenta a proposta do binormativismo para a lingua galega. Maragoto explora as circunstancias en que conviven dúas normas escritas para unha mesma lingua, como son os casos do luxemburgués e do noruegués, e defende que en Galicia este modelo podería ser beneficioso para reforzar internamente o galego e motivar o seu uso, integrando tanto a norma autónoma como a converxente co portugués.

O noveno capítulo, da man de Xosé Luís Regueira (Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela), ofrece unha reflexión crítica sobre as ideoloxías lingüísticas entorno ao estándar galego, cunha atención específica ao estándar oral e aos seus efectos sociais. Regueira examina os discursos arredor de conceptos como a autenticidade, o purismo ou a lexitimidade, a miúdo vencellados a debates sobre os neofalantes e a aceptación do modelo normativo. Sostén que as controversias sobre a lingua estándar son, en realidade, disputas ideolóxicas e políticas, máis que lingüísticas, e que a súa análise resulta esencial para comprender a sociedade galega contemporánea e os desafíos culturais e educativos ligados á lingua.

O décimo e último capítulo, asinado polo editor do volume, Henrique Monteagudo, ofrece un balance amplo e matizado do proceso de estandarización da lingua galega nas últimas cinco décadas, dende a publicación das *Normas ortográficas* da Real Academia Galega en 1970 ata os debates actuais. Monteagudo analiza a evolución do galego como lingua plurifuncional nun contexto de autogoberno e reabre o debate sobre a se-

lección e codificación do modelo estándar. Unha das contribucións máis destacadas do capítulo é a atención á implantación social da norma e á súa aceptación, con especial foco na resignificación positiva do *castrapo* por parte de sectores novos da sociedade, como mostra das tensións e transformacións que acompañan a norma lingüística na Galicia actual.

En resumo, o volume *A estandarización das linguas da Península Ibérica: procesos, problemas e novos horizontes* é unha achega valiosa para comprender os procesos de estandarización das linguas peninsulares dende unha perspectiva comparada. Os distintos capítulos abordan cuestións relevantes como a historia das políticas lingüísticas, o papel das institucións normativas, as ideoloxías sobre a lingua ou a recepción social dos estándares. A diversidade de enfoques e a atención a casos concretos permiten ofrecer unha panorámica ampla e actualizada, que resulta de interese tanto para a investigación sociolingüística como para a reflexión sobre a planificación lingüística e a glotopolítica ibérica contemporánea.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade de Santiago de Compostela (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
Maria Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
Maria Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda